

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 2 DE NOVEMBRO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:15 horas do día 2 de novembro de 2017, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 30 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. Carlos López Font
- Vocais:** D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda (asiste aos puntos 2a e 5a)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste ao punto 4a)
D. Óscar Couce Senra (asiste aos puntos 4a, 7a, 8a, 9a e 10a)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas**a) Acta da sesión do 27 de outubro de 2017**

Non se aproba por falta de quórum.

2.- Apertura administrativa**a) Procedemento negociado para a contratación dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para Cabalgata de Reis 2018 (7.148-335)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co licitador.

A continuación ábrese o sobre A "*Documentación persoal*". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda

- a) Admitir neste procedemento a C.A. TOTALITY GROUP, S.L.U., por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II.

4.- Apertura económica**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de mellora da pavimentación da rúa García Olloqui e praza de Compostela (4.829-440)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 17:34	Páxina 1 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1A74B-55E984-232H5D-8XQPN5-58MA6A-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitadores	Prezo (€)
1	CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS, S.A.	942.028,25 €
2	CIVIS GLOBAL, S.L.	914.967,53 €
3	C.D. INDEPO, S.L.	920.428,21 €
4	HIDROMIÑO, S.L.	925.282,15 €
5	AVAN INTEGRAL, S.L.	933.169,80 €
6	ORESA, S.L.	938.630,49 €
7	ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.	939.722,61 €
8	UTE DRAGADOS, S.A. e EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, S.L.	934.261,93 €
9	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	903.924,82 €
10	ORECO, S.A.	1.134.608,28 €
11	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.U.	899.192,23 €
12	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	1.089.466,64 €
13	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	859.025,88 €
14	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	910.113,59 €
15	NAROM, S.L.	850.288,78 €

Asisten á apertura D. José Luis Bocija Liñares, con DNI 76.339.839-X, en representación de ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A. e D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI 36.162.266-X, en representación da Federación Galega da Construción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

5.- Apertura técnica e económica

a) Procedemento negociado para a contratación dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para Cabalgata de Reis 2018 (7.148-335)

En acto público ábrese o sobre B “*Proposta técnica e económica*” do único licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

LICITADOR	PREZO
C.A. TOTALITY GROUP, S.L.U.	60.016,00 euros

O presidente e a secretaria asinan o único exemplar presentado polo citado licitador. A secretaria da Mesa fai unha copia da documentación co obxecto de que un



exemplar sexa custodiado pola Secretaría da Mesa e o outro se incorpore ao expediente.

Entre a documentación presentada figura o orzamento detallado esixido no prego de cláusulas administrativas particulares.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica e económica ao servizo xestor.

7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Canceleiro, entre Rosalía de Castro e García Barbón (4.668-440)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 19 de outubro de 2017, en cumprimento do acordado na sesión da mesma data, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos seguintes licitadores:

1. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
2. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
3. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.

Durante o prazo concedido, só presentou documentación OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 27 de outubro de 2017 a enxeñeira industrial da Área de Fomento e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúen que *"non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato"*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado:

1. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
2. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
3. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Canceleiro, entre Rosalía de Castro e García Barbón (4.668-440) (informe sobre C e proposta clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 27 de outubro de 2017 de valoración do sobre C *"proposición avaliable mediante fórmula"* coa proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 17:34	Páxina 3 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1A74B-55E984-232H5D-8XQPN5-58MA6A-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Canceleiro, entre Rosalía de Castro e García Barbón (4.668-440)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 27 de outubro de 2017 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Canceleiro, entre Rosalía de Castro e García Barbón (4.668-440)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais o 27 de outubro de 2017:

1. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
2. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
3. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Canceleiro, entre Rosalía de Castro e García Barbón (4.668-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	93,88
2	CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A.	92,78
3	NAROM, S.L.	91,38
4	ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA	90,68
5	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	90,67
6	IVANCA, S.L.	88,98
7	SERVICIOS MEDIO AMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	87,63
8	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. (ACEVI)	87,11
9	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, S.L.	86,34
10	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA)	85,32
11	SESTRAMA-09, S.L.	79,28



	Licitadores	Puntuación
12	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	77,61
13	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	76,50
14	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.	74,36
15	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L.	73,17
16	ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L.	71,85

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.037,68 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 10:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 17:34	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A1A74B-55E984-232H5D-8XQPN5-58MA6A-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		